



ANUNCIO

Mediante decreto de Alcaldía núm. 237/2023, de data 4 de maio, acordou a aprobación da convocatoria e Bases reguladoras para a selección contratación laboral temporal de 1 auxiliar de biblioteca en réxime laboral temporal ao abeiro do Plan PEL-CONCELLOS 2023 que se transcriben a continuación.

O prazo de presentación da solicitude é de **5 DIAS HABILES** contados dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Publicase as bases de contratación e modelo de instancia, sendo o contido o anexo:

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández

“BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA AUXILIAR DE BIBLIOTECA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

PRIMEIRA.- Obxecto

En virtude da Resolución de Presidencia número 2023/39428, do 17 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL Concellos 2023 e de conformidade coa Resolución 2023/11484, do 21 de marzo pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes a devandita convocatoria, a Deputación de A Coruña concede ao Concello de Valdoviño unha subvención por importe de 43.000 €, anualidade 2023.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal dun/dunha Auxiliar de Biblioteca, mediante o procedemento de concurso-oposición, desempregado/a en situación de exclusión, para a realización das actuacións incluídas no Programa PEL-Concellos

SEGUNDA.- Modalidade de contratación, duración do contrato , retribucións

O contrato formalizarase baixo a modalidade laboral temporal, segundo o disposto no artigo 15.2 no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. O tipo de contrato será o de mellora para a ocupabilidade e a inserción laboral vinculado a programas de activación



para o emprego, conforme á disposición adicional 9, do Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do emprego.

A duración do contrato é seis meses e a xornada parcial, 50 % da xornada.

O horario se distribuirá segundo as necesidades e organización dos servizos municipais de luns a domingo.

Neste contexto, as retribucións brutas mensuais da auxiliar de biblioteca ascenderán a 641,67 € paga extra prorrateada.

TERCEIRA.- Tarefas a desenrolar polo persoal.

As tarefas a desenrolar polo persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación de A Coruña, anualidade 2023, estarán relacionadas cos servizos mínimos previstos no artigo 26.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As súas funcións serán: apoiar ao persoal bibliotecario superior nas funcións de carácter técnico, velar polo cumprimento das normas de uso da biblioteca, xestión e mantemento do fondo bibliográfico e documental, ordenación e conservación da colección, atención, orientación e resolución dos servizos de información bibliográfica, xestión dos servizos de acceso aos documentos, consulta e sala de préstamo, vixianza e control das salas de estudo, colaborar na relación de recontos e expurgos, mantemento da páxina web, blog e redes sociais,...

CUARTO.- Requisitos das persoas aspirantes.

Os requisitos xerais para participar na convocatoria adecúanse ao determinado no artigo 56.1 do *Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*, así como o disposto no artigo 50 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* e que a continuación se detallan:

- a. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo a citada lexislación, permita acceder ao emprego público. Neste senso, poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións que os españois, as persoas que posúan nacionalidade de outros estados membros da Unión Europea así como aquelas outras persoas, independentemente da súa nacionalidade que se atopen en algún dos suposto reconecidos pola devandita lexislación.
- b. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.



Valdoviño



- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Unión Europea, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de procedencia, o acceso e exercicio de funcións públicas nos citados termos.
- e. A persoa a contratar deberá estar en situación de desemprego e figurar inscrita como demandante de emprego nas Oficinas do INEM na data de inicio do proceso selectivo, así como atoparse en algunha das seguintes situacións de exclusión socio-laboral que se indican de seguido:
 - o Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - o Maiores de 45 anos.
 - o Parados de longa duración que, a efectos do presente programa, leven un mínimo dun ano como demandantes de emprego.
 - o Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% e así recoñecido pola Administración Pública competente.
 - o Persoas en situación de drogodependencia.
 - o Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - o Persoas con fogar monoparental.
 - o Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - o Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - o Persoas sen fogar.

Tódolos requisitos indicados deberán acreditarse no intre de concorrer á sinatura do oportuno contrato laboral temporal e deberán referirse, en todo caso, á data de publicación das presentes bases reguladoras.

QUINTO.- Presentación de solicitudes.



As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP da Coruña.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas deberán presentarse conforme ó modelo que figura no Anexo I ante a Oficina Xeral do Concello de Valdoviño e demais canles recoñecidas no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, e acreditar inescusablemente a seguinte documentación:

- a. Copia do Documento Nacional de Identidades ou Pasaporte.
- b. O xustificante de Demanda de Emprego, debidamente actualizado.
- c. A documentación acreditativa da situación de exclusión da persoa solicitante:
 - As persoas desempregadas de longa duración deberán achegar o informe de vida laboral actualizado.
 - As persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% presentarán fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente.
 - As persoas en situación de drogodependencia, que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas con fogar monoparental, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, así como para as persoas vítima de violencia de xénero e/ou persoas sen fogar achegarán informe dos servizos sociais municipais.
- d. Acreditación da experiencia laboral e certificación dos cursos realizados e baremables, según o enunciado no apartado seguinte.
- e. Anexo II, autorización para a cesión de datos persoais

Finalizado o prazo de presentación de instancias, mediante Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal. Indicarase o motivo de exclusión e disporán dun prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias detectadas nas solicitudes, con indicación de que, si así non o fixera, se entenderá que a persoa solicitante desiste da súa petición, conforme o enunciado no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*

Tódalas subsanacións efectuadas serán aceptadas ou rexeitas na Resolución de Alcaldía que aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, publicada no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal que tamén determinará a composición do Tribunal avaliador -de non terse designado nun momento anterior- e o



lugar, a data e a hora de realización do proceso selectivo detallado no apartado sexto das presentes Bases.

SEXTO.- Desenrolo do proceso selectivo.

O proceso selectivo será axustado aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade de conformidade ao previsto no *Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público* e no resto do ordenamento xurídico. De igual xeito, o proceso selectivo se adecuará a os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación.

Neste senso, o procedemento de selección do persoal laboral temporal será o **concurso-oposición** e o baremo aplicable se axustará a os seguintes criterios.

Fase concurso, esta fase valorarase ata un máximo dun 40 %.

a. Experiencia profesional na área de Biblioteca e/ou Cultura (máximo 6 puntos).

Por acreditar experiencia laboral na administración pública, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,10 puntos por mes traballado.

No caso de acreditación de períodos por días, un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo.

b. Formación na área de Biblioteca e/ou Cultura (máximo 4 puntos).

- o Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración laboral organizados ou financiados polas administracións públicas, desenvolvendo funcións relacionadas co posto ao que se opta: 1 punto.
- o Por acreditar a realización de cursos de formación impartidos polas administracións públicas, universidades, sindicatos, INEM e relacionados co posto de traballo a desenvolver:
 - Curso de máis de 100 horas: 1 punto.
 - Curso de duración comprendida entre 50 e 100 horas: 0,50 puntos.
 - Curso de duración comprendida entre 5 e 49 horas: 0,20 puntos.



Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Asimesmo, a asistencia a xornadas e simposios non será obxecto de puntuación.

Fase oposición, esta fase valorarase ata un máximo dun 60 %.

Consistirá na realización dunha proba práctica para avaliar o coñecemento das tarefas xenéricas referidas a xestión de espazos culturais que deberán desenrolar ao abeiro do disposto no Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación de A Coruña, anualidade 2023. Esta fase será valorada ata un máximo de 15 puntos, necesitando acadar un 7,5 para superala proba.

SÉTIMO.- Tribunal Cualificador.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición será axustada aos principios de imparcialidade e profesionalidade enunciados no *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*. Neste senso, o Tribunal cualificador determinado por Resolución de Alcaldía tenderá a paridade entre homes e mulleres, estará formado por un número impar de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo que deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza obxecto da presente convocatoria e non realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

A pertenza ao órgano de selección designado será a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Así, o Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplementes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario do órgano de selección designado.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que poidan xurdir e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes Bases. Os membros do órgano de selección percibirán asistencias polas sesións precisas para o correcto desenrolo e avaliación do citado proceso selectivo a realizar, según reconece o *Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo*.

OITAVO.- Proposta de contratación

Concluída a baremación dos méritos achegados e cualificación da proba/exame, o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño e na



página web municipal a relación de persoas aspirantes por orde de puntuación total final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación final máis alta. Neste senso, o Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas.

No suposto de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos esixidos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou calquera outro suposto no que o aspirante non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo pola seguinte persoa aspirante na orde de puntuación acadada na listaxe definitiva, de conformidade a lexislación vixente. No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar as probas ou non presentarse ninguén a esta, o Alcalde queda autorizado a convocalo proceso novamente en cantas ocasións fose preciso, en consonancias ás presentes Bases reguladoras.

NOVENO.- Formalización do contrato

O órgano competente da corporación procederá a formalización do contrato laboral temporal a favor das persoas aspirantes propostas pola comisión avaliadora que se efectuará dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación. Se a persoa interesada non formaliza o contrato no prazo indicado perderá tódolos dereitos adquiridos pola convocatoria e nomeamento conferido, quedando en situación de cesante. Así mesmo, será nula a contratación da persoa proposta que estea incurso en causa de incapacidade específica, conforme a normativa vixente.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Previa formalización e sinatura do contrato, a persoa aspirante deberá achegar a seguinte documentación:

- Informe médico/Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, onde se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non concorrer nas causas de incompatibilidade ou prohibición para ser empregado público.
- Documentación acreditativa da situación de exclusión social.

DECIMO.- Protección de datos de carácter persoal



De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporáranse nun ou varios ficheiros, do/s que é responsable o Concello de Valdoviño, con sede en Avenida Porta do Sol, nº 25.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir os postos que se refiren as presentes bases, dentro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña .

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifiestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución.

Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.”



ANEXO I

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AUXILIAR DE BIBLIOTECA

D./ Dona _____ con D.N.I. n.º
_____ e enderezo a efectos de notificación en _____
_____ da _____ localidade
_____, Provincia de _____, C.P.;
_____ e con número de teléfono de
contacto _____ .email _____

En virtude da convocatoria emitida polo Concello de Valdoviño para a provisión en réxime laboral temporal dun/ha auxiliar de biblioteca do Programa de Integración Laboral para a execución de obras e servizos mínimos municipais.

MANIFESTA que reúne todas e cada unha das condicións de acceso ao proceso de selección e polo tanto **SOLICITA** se teña por presentado este escrito en tempo e forma, e se me declare admitido/a para formas parte en calidade de aspirante no proceso **AUXILIAR DE BIBLIOTECA**

ACHEGA a seguinte documentación

- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte. |
| <input type="checkbox"/> | Copia do Xustificante de Demandante de Emprego, actualizado. |
| <input type="checkbox"/> | Acreditación dos cursos baremable |



Autorización cesión de datos persoais (anexo II)

Obrigatorio achegar a documentación que acredite que a persoa solicitante está incurso nalgũa das situacións numeradas

Persoas desempregadas de longa duración (que leven un ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos Servizos Sociais municipais
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

En _____ , a _____ de _____ de 2023.

Asdo.: _____



ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

Don/Dona	
D.N.I. núm.	
Entidade	CONCELLO DE VALDOVIÑO
N.I.F entidade	P1508800H

Autorizo a entidade sinalada para a cesión á Deputación de A Coruña dos datos persoais relacionados co meu contrato de traballo para os efectos de presentalos como xustificantes de gasto dunha subvención.

En Valdoviño, a de do 2023

Sinatura:



/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/